



*OUSÁ (SAN XIAO)



Ousá é unha parroquia con 13,1 km² de extensión situada ao nordeste do concello, que conta con 132 habitantes repartidos entre 15 lugares (O Campo, As Carpaceiras, A Casa de Parga, A Casa do Pazo, As Lamelas, Lourido, A Mámoa, Mazcarelle, O Mozón, Novexilde, A Pereira, O Portonovo, Quintá, Requeixo e O Vilar) e unha densidade de poboación de 10,08 hab/km².



Nestas terras hai unha potente tradición panadeira que data do medievo e que foi transmitíndose de xeración en xeración ata converter esta parroquia nun referente a nivel rexional. Hoxe en día son moitos os negocios que levan o nome de pan de Ousá por toda a xeografía galega, e mesmo se celebra cada ano no mes de marzo unha feira para honrar este produto e tamén aos queixos de Friol.

Ousá é un topónimo que ten orixe no nome dun posuidor que neste caso tería varias posibilidades: por unha banda, N. Ares afirma que se trata de *Ausanius*, xa que nun documento aparece citada unha *villa in Ausani*; por outra banda, J. Caridad mantén que procede do antropónimo *Ausana*, mentras que F. Cabeza sostén que procede do topónimo *Ausius*. De forma complementaria a esta última aportación, J. M. Piel explica que un gran número de topónimos da Galicia central rematan en «-a» tónico debido a que son o resultado de pospoñer o sufixo adxectivo latino «-ana» ao nome do posuidor dun determinado territorio.

Ao igual que noutros casos desta mesma parroquia coma **Quintá** (*villa Quintana*, do posuidor *Quintanus*), Ousá podería ser a suma do termo *Ausius* (F. Cabeza) máis o sufixo: *villa Ausiana* (interpretación propia).

En canto aos lugares, atopamos varios nomes relacionados coa morfoloxía do terreo como **O Campo** (do lat. *campus*, «terreo chan») e **As Lamelas** (lugar onde abonda a lama, do lat. *lama*), e outros tantos que son fitónimos: **As Carpaceiras** (onde abundan as carpazas, voz de orixe prerromana derivada ou ben de *carpathium* segundo N. Ares, ou ben de *carapaccia*, como indica Corominas), **Lourido** (palabra derivada do lat. *Iaurus* «loureiro» co sufixo «-ido» que indica colectividade) e **A Pereira** (xeralmente considerouse procedente do lat. *pirus* ou do seu derivado *piraria* polo que indicaría a existencia destas árbores, aínda que tamén hai a posibilidade de que proveña de *petraria*, lugar onde abundan as *petra* «pedra»).

A Casa de Parga e **A Casa do Pazo** fórmanse a partires do termo latino *casa* seguido, no primeiro caso, do topónimo *Parga* (parroquia do concello de Guitiriz que ten orixe en *Parraga* ou *Párrega*, un hidrónimo que segundo J.J. Moralejo sería indoeuropeo, ou relacionado co substantivo prerromano *parra*, como afirma Corominas, aínda que sen moita argumentación) e, no segundo caso, de *Pazo*, do latín *palatium*.

AMámoa refírese a un túmulo ou sepulcro característico do megalitismo en Galicia que está constituído por un amoreamento de terra, xeralmente de planta circular, que acollía no seu interior unha anta ou dolmen, e cumpría funcións de tipo funerario. Etimoloxicamente provén de *mammula* ou *mamma*, xa que a súa forma cónica recorda á dun seno.

Mazcarelle ten unhas raíces difusas, xa que non se coñece con certeza cal é o seu significado; crese que podería ser o xenitivo dun nome *Mascarellus*, xa que aparece citado como villa *Mascareli* nos Tumbos de Sobrado a mediados do s. X, pero autores coma N. Ares relaciónano tamén con máscara e con *macarellus* que significa alcaíote, é dicir, unha persoa que serve de intermediaria en asuntos amorosos.

O Mozón ten unha orixe descoñecida aínda que popularmente se consolidou a teoría de que é un aumentativo de mozo, do cal tampouco se sabe de onde provén (podería derivar ou ben do latín *mutilus* ou de *muteus*). Para N. Ares podería estar relacionado co semellante *motio-onis* «moción».

Novexilde vén seguramente dunha alteración evolutiva do antropónimo *Leovigildus*, que indicaría a posesión destas terras.

O Portonovo explícase de forma sinxela: é o conxunto latino do substantivo *portus* e o adxectivo *novus*.

Requeixo é unha palabra polisémica que en galego pode significar un terreo en pendente que vai dar a un val ou un lugar próximo á lareira onde se garda o lume. Partindo desta base, Nicandro Ares considera acertada a orixe nalgún dos verbos *re-cido*, *re-cidi*, *re-casum* «re-caer» ou de *re-cedo*, *re-cessi*, *re-cessum* «re-tirarse», referíndose á pendente do terreo mencionada anteriormente. Porén, para Corominas viría do verbo *quasiare* «queixarse».

Por último, **O Vilar** xa foi explicado no apartado correspondente á parroquia de Narla.

*Texto extraído do traballo clasificado no segundo posto do "I Premio de investigación Histórica, Cultural e Entnográfica Concello de Friol" presentado por Dona Laura Ferro Devesa e Dona Estefanía Pena Ferro e titulado "TOPONIMIA DO CONCELLO DE FRIOL" Friolensis